



CONSELLO UNIÓN COMARCAL DE CCOO DE LUGO
11 DE SETEMBRO DE 2026

REGULAMENTO PARA A ELECCIÓN DE COBERTURA DE VACANTE NA COMISIÓN EXECUTIVA DA UNIÓN COMARCAL DE CCOO DE LUGO

A Comisión Executiva da Unión Comarcal de CCOO de Lugo, reunida o 24 de xullo de 2026, aprobou fixar a data da convocatoria do Consello da Unión Comarcal para o próximo 11 de setembro de 2026. Na orde do día desta reunión, entre outros puntos, incluírase: ***elección dunha persoa para cubrir a vacante na comisión executiva da Unión Comarcal de CCOO de Lugo.***

Deberá terse en conta que, a efectos de cumprir a proporcionalidade de cada un dos sexos, a persoa a elixir deberá ser un home.

DESENVOLVEMENTO DA ELECCIÓN:

O Consello comezará ás 10:00 h. en primeira convocatoria ou ás 10:15 horas en segunda.

As acreditacións das persoas membros serán a partir das 10:00 horas.

A Mesa do Consello conformarase segundo o Regulamento de funcionamento.

Ás 12 horas, independentemente de que a presidencia ampliara a hora de peche das acreditacións, anunciarase o inicio do prazo de presentación de candidaturas para a elección DUNHA PERSOA PARA CUBRIR A VACANTE NA COMISIÓN EXECUTIVA DA UNIÓN COMARCAL DE CCOO DE LUGO e o número de avais necesarios que requirirán as candidaturas que se presenten, debendo ser estes o 10% das persoas conselleiras acreditadas asistentes, de conformidade ao artigo 10.4.b) dos Estatutos do Sindicato Nacional.

As persoas conselleiras acreditadas poderán avalar só unha candidatura das presentadas para o ámbito de elección.

O prazo de presentación de candidaturas ante a Presidencia do Consello, será ata las 13:00 horas.

As candidaturas deberán presentarse cos avais necesarios e deben cumprir os seguintes REQUISITOS:

1. Persoas afiliadas ao corrente de pagamento.

2. ANTIGÜIDADE: para poder formar parte do CONSELLO COMARCAL requírese unha antigüidade mínima de 6 meses na afiliación a CCOO, de conformidade co artigo 11 dos Estatutos Confederais e o 10 dos Estatutos do Sindicato Nacional.

3. *ACEPTACIÓN DE CANDIDATURAS*: a aceptación das candidaturas debe ser indubitada, conforme as normas e estatutos confederais. Non se require aportar fotocopia do documento que acredite a identidade nas candidaturas de persoas que estean acreditadas no Consello.

Ao remate do prazo de presentación de candidaturas, unha vez verificadas pola Comisión Técnica, designada ao efecto por la Comisión Executiva, a Presidencia do Consello proclamará as candidaturas que cumpran os requisitos e poderá realizarse unha intervención en defensa de cada unha delas.

Logo de rematar as posibles intervencións, a Presidencia, tras conceder un tempo para que a Comisión Técnica elabore as papeletas de votación, someterá a votación asegurándose o sufraxio libre e segredo de cada conselleiro e conselleira segundo os Estatutos Confederais.

Posteriormente realizarán o escrutinio as persoas da Mesa do Consello.

As reclamacións sobre o proceso electivo poderán presentarse ante a CIN do SN no prazo de dous días hábiles. (cinSN@galicia.ccoo.es)

As resolucións da CIN do SN son recorribles ante a CIN Confederal.

Ante calquera circunstancia non prevista neste regulamento, a Mesa Presidencial adoptará as medidas máis convenientes, incluída a adecuación de horario, para o bo desenvolvemento do Consello.

Xúntase en anexo, o modelo de aceptación de candidatura e de recollida de avais.



unión de comisións obreiras de lugo
ronda da muralla 58 4º (27003) lugo
☎ 982231901 982231975 - fax 982245907
correo electrónico uclugo@galicia.ccoo.es

As persoa abaixo asinante ACEPTA expresamente presentar a súa candidatura para cubrir a vacante xerada na Executiva da Unión Comarcal de Lugo.

DNI	Nome e apelidos	SINATURA

Lugo 11 de Setembro de 2026.



unión de comisións obreiras de lugo
ronda da muralla 58 4º (27003) lugo
☎ 982231901 982231975 - fax 982245907
correo electrónico uclugo@galicia.ccoo.es

As persoas abaixo asinantes AVALAN a candidatura do Compañeiro/a _____
_____ que se presenta no
Consello da Unión Comarcal de CCOO de Lugo para cubrir a vacante xerada na
Executiva da Unión Comarcal de Lugo.

DNI	Nome e apelidos	SINATURA

Lugo 11 de Setembro de 2026.